

## En marcha un servizo gratuito de información mensual para demandantes de emprego

- O departamento da institución enviará un boletín coas ofertas de traballo activas na base de datos.
- As empresas que así o desexen poden introducir, de xeito gratuito, ofertas na bolsa da Cámara, que conta con información de máis de mil candidatos

**Vigo, 03-06-2010.-** As actuais circunstancias económicas e as negativas estatísticas que advirten periódicamente do número de parados son dous aspectos que preocupan especialmente á Cámara de Comercio de Vigo. Por iso, tódalas accións que se leven a cabo son un gran de area máis a sumar nesta carreira cara a recuperación do mercado laboral. Neste sentido, a Cámara inicia hoxe un servizo gratuito de información mensual para demandantes de emprego. Así, o departamento da institución comunicará ás persoas que así o desexen, e a través dun boletín electrónico, as ofertas de traballo activas na base de datos. Para recibilo, os interesados tan só terán que darse de alta na páxina web da Cámara de Comercio de Vigo, concretamente no apartado de comunicación, que ofrece a posibilidade de darse de alta en varios boletíns informativos.

O departamento de Emprego da institución recibiu o pasado ano máis dun centenar de solicitudes para cubrir diferentes postos en empresas da demarcación cameral. I é que cualquiera empresario pode introducir, sen coste algún, ofertas de emprego na bolsa da Cámara, que conta con información de máis de mil candidatos. Por outra banda, este trámite pode realizarse sen necesidade de acudir ás instalacións da Cámara, xa que a páxina web dispón dun formulario que envía automaticamente a información. Os técnicos camerais son os encargados de xestionar os datos dos demandantes, remitindo ás empresas os perfís que máis se axustan ás necesidades de cada posto.

Os Curriculum Vitae mantéñense activos ao longo de seis meses, periodo tralo cal danse de baixa para evitar que a información non esté actualizada. Cabe sinalar tamén que, para axilizar os trámites na búsqueda de emprego, unha vez que o CV do interesado pasa a formar parte da base de datos da Cámara, non será necesario volver a enviálo para inscribirse a outra oferta, xa que os perfís buscados serán seleccionados automaticamente por dita base de datos. Aceptaranse, iso sí, Curriculum Vitae que conteñan actualizacións ou modificación dos datos.